

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

ANO 5 | Edición nº 55 | Xuño de 2019 | Prezo 2 euros

Compostela
destina
600.000 euros
a bolsas
escolares



Páxina 6

Novos policías
locais
auxiliares
para Monforte



Páxina 10

Concentración
parcelaria en
Castro
Caldelas



Páxina 12

A Garda Civil
desarticula
unha rede
de etiquetado
falso de viño



Páxina 14



Páxinas 15 e 16

CONFITERIA

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Pontearreas

986 640 834

Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Reviravolta en varias cidades galegas

Moito mudou o mapa electoral nas votacións de onte. Comezando pola capital compostelá, onde o ex alcalde Bugallo asinou un trunfo en clave persoal, axudado por unha candidatura transversal que sobiou a marca de 4 a 10 concelleiros, mentres Compostela Aberta (CA) pagaba o custo da división do espazo de cambio e unha manifesta falla de xestión transformadora e perdía a metade-5- dos seus antigos 10 concelleiros, o PP perdía un (de 10 a 9) e o BNG mantiña os 2 que tiña.

Na Coruña Inés Rey pode ser alcaldesa, con 9 concelleiros, empatando en escanos, pero non en votos, cun PP que perde un, malia reter o posto de forza máis votada. Substituirá a

Xulio Ferreiro que perdeu o 40% da representación da Marea Atlántica (10 no 2015, agora 6), mentres o BNG dobrou a súa representación, sobindo de 1 a 2. Tanto no suposto de Ferreiro como de Noriega demostrouse que os votos non teñen dono e que probabelmente os mesmos sectores electorais que deixaron o PSOE no 2015 voltaron agora. En calquera caso, en ambas as dúas cidades, o PSOE precisará para a estabilidade de cadanseus gobernos de pactos con CA e a Marea Atlántica. Na Coruña unha improbábel abstención dos de Xulio Ferreiro daríalle a alcaldía a Bea Mato.

En Ferrol Rey (PP) ficou ás portas da maioría absoluta (quitou 12 de 25) diante do fracaso de Ciudadanos, que

perdeu a súa representación. Poderá gobernar o PSOE canda Ferrol en Ciomún (que perde a metade dos seus 6 concelleiros) e o BNG que obtén 2, mais aquí son precisos BNG, os comúns e máis o PSOE para construír un máis ca probábel tripartito.

O PP obtivo un bó resultado en Lugo, obtendo 10 concelleiros como candidatura máis votada, mais o BNG sobiou de 2 a 5, na súa mellor progresión na Galicia urbana e poderá cogobernar coa alcaldesa Lara Mèndez. Mentres, en Ourense, o PSOE poderá gobernar como forza máis votada, dende os seus 8 concelleiros, tendo en conta que Democracia Ourense, con 7 concelleiros, non lle dará apoio ao bloque da dereita (PP + Ciudadanos).

O BNG obtén un grande trunfo en Pontevedra, ás portas do concelleiro nº 12 con case o 40% dos votos. Canda o PSOE é a forza que máis cumpriu os seus obxectivos, voltando aos concellos

de Vigo (con 1) e ao de Ourense (con 2) e avanzando substancialmente en Ferrol, Lugo e A Coruña, mentres obtén o primeiro posto en 24 concellos con varias maiorías absolutas importantes.

Perden as distintas Mareas, polo menos nas principais cidades. Perde Ciudadanos, que amosa a súa irrelevancia no noso País (Vox nin existe) e perde o PP, malia que amose aínda unha grande forza que non lle permitirá, porén, gobernar ningunha das grandes cidades.

E gaña sobre todo o PSOE. Dende a inédita maioría absoluta de Abel Caballero (20 sobre 27) e a maioría absoluta de Vilagarcía até as futuras alcaldías de Lugo, Ourense, Ferrol, Compostela e A Coruña.

Agás Vigo e Pontevedra as demais cidades galegas deron, na súa fasquia electoral unha grande reviravolta.



O refluxo das marés

As dúas grandes novidades das votacións locais do 26-M na Galicia son o grave fracaso do PP e o refluxo das Marés locais.

O PP fracasou no seu obxectivo de recuperar algunha das tres Deputacións que non gobernaba (A Coruña, Lugo e Pontevedra) ou algún dos seis dos sete principais concellos galegos nos que xa estaba na oposición e, ao tempo, perdeu o goberno local de Ourense e a maioría absoluta da Deputación ourensá.

As Marés principais- Marea Atlántica (MA), Compostela Aberta (CA) e Ferrol en Común(FC)-, que acadaran cadansúa alcaldía coruñesa, compostelá e ferrolá,

sofriron unha grave derrota. MA e CA perden algo máis de 30 de cada 100 dos seus votos do 2015, mentres FC perde máis da metade. A meirande resistencia de MA e CA explícase pola relativa- unidade do espazo político que foron quen a manter (non así FC, que o fragmentou co seu sectarismo) e, no caso coruñés, pola boa imaxe do até de agora alcalde, que compensou parcialmente a evidente falla de equipa de goberno.

No caso de MA e CA, os tres principais problemas amosados polas Marés son i) a falla de xestión transformadora ii) a falla dunha política de apertura e de atracción da sociedade civil e iii) A

falla don modelo de cidade.

Non houbo xestión transformadora. MA e CA non se decataron que os sectores sociais que os votaron son os máis esixentes nis seus requirimentos de boa xestión e gobernanza, porque son os que máis precisan desta. MA e CA non foron quen a tecer alianzas municipais para aprobar o marco orzamentario preciso para a súa xestión. A falla de experiencia e, nalgúns casos, de actitudes e mesmo de aptitudes dalgúns membros do goberno fixolles fracasar nesta cuestión fulcral.

Tampouco se transmitiu un modelo de cidade, que, en troques, si transmitiron no seu día Fdz. Lores e Anxo Quintana en Pontevedra e Allariz. O elector pode perder decencias na xestión se albisca futuro. E aquí non

se proxectou futuro.

Tampouco houbo apertura á sociedade civil e, en troques, si existiron certas actitudes radicalizadas ou minorizantes impropias de partidos que obtiveron un apoio transversal. Actitudes afastadas da liña xeral da xente do común.

Porén, non sería xusto deixar de recoñecer que a nova política deixa unha pegada clara na gobernanza local das cidades galegas que administraron. A honradez na xestión (na Coruña, tamén, a transparencia), a renda social básica, o foco sobre os coidados e mais a prevención a respecto das grandes obras non necesarias constitúen unha heranza que habería de asumida por calquera goberno progresista que os substitúa.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Vale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho.

MADRID: Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015



EDITORIAL



Por: Guillermo Rodríguez

Director

A resaca do 26/ M

Este ano tivemos un ano electoral que nos deixou a todos exhaustos. No prazo dun mes votamos a deputados e senadores (28A) e logo, hai uns días, a concelleiros, alcaldes, deputados provinciais e deputados europeos.

O resultado da primeiras eleccións, ou sexa, do pasado 28, deulle volta ao panorama estatal e confirmou aquel dito de Cela “o que resiste, vence”. Efectivamente, Pedro Sánchez resistiu, e de que maneira, os ataques non só dos adversarios políticos, que iso vai no ADN de cada político, senón os ataques dos seus propios compañeiros de partido cando en 2017, por negarse a darlle un cheque en branco a Rajoy para seguir na Moncloa, foi forzado a renunciar á súa acta de deputado. Enfrontouse a todo un apartheid político/socialista e iniciou un camiño de damasco particular. Camiño que o levaría a facerse coa Secretaría Xeral do PSOE e logo co goberno do Estado, despois de presentarlle una moción de censura a Rajoy cando aínda non era nen sequera deputado.

Este Pedro Sánchez, a quen podíamos acumar como “O Incombustible”, logo de gobernar durante pouco máis de medio ano nunha situación de precariedade total (84 deputados nun Parlamento de 350) e cos Orzamentos do PP en vigor e sen poder aprobar os novos que el e o seu equipo prepararon para o 2019, anuncia adiantar as eleccións xerais e prántase na Carreira de san Xerónimo con 123 deputados. Resultado inédito polas circunstancias en que se produciron as eleccións, pero que demostra que aquela peregrinación, anunciada por el cando abandonou a acta de deputado, por España adiante deu os froitos que esperaba. Obviamente

o Partido Socialista tivo que axeonllarse diante dun “San Pedro” elevado aos altares da política española.

Con esta maleta presentáronse os socialistas diante das últimas eleccións municipais, autonómicas en varias comunidades e ás europeas. O resultado non puido ser mellor para a bancada socialista. Foi o partido máis votado en todo o Estado, agás pequenos recunchos que aínda lle quedan ao PP, sobre todo no medio máis ruralizado da xeografía española.

Xa que citamos ao PP digamos que o seu novo “comandante” Pablo Casado, herdeiro de Rajoy como novo portaestandarte popular, nas eleccións do 26/A recibiu una cura de humildade que o deixou tremendo de frío popular. Perdeu preto da metade dos deputados que Rajoy lle deixara cando dimitiu pola moción de censura de Pedro Sánchez. O partido de Rivera, Ciudadanos, deixou sentir o seu alento na caluga popular. Quedou realmente tocado como referente popular e logo nas eleccións do 26/M vultou sentir o frío da derrota nas municipais, autonómicas e europeas; sendo nestas últimas nas que dalgún xeito o PP mantivo o tipo. Os baróns populares danlle una última oportunidade empre que non se aparte do “centro sociolóxico” no que se movía Feijóo, aínda que nese espazo teña que pelexar con Rivera de Ciudadanos que pretende ser un PP modernizado.

Finalmente quedáanos Podemos de Pablito Iglesias que se decatou do difícil que resulta coller o ceo coas mans da soberbia e do infantilismo político. Dunha eclosión esperanzadora en 2014 rematou tropezando coa súa propia soberbia de dirixente político nunha España aínda non apta para experimentos que, sendo de composición

correcta, foron administrados ao paciente en tempo e forma desaconsellable. Da promesa dunha nova esquerda sen complexos nin maletas condicionantes rematou sendo simplemente un “portamaletas” dos señores que van ocupar o palacio. Mágoa que non tivera máis visión de futuro e menos ambición de presente. Daquel equipo de camaradas universitarios apenas queda un desagradable recordo. O futuro de Podemos está sen escribir. Desexamos que logo de probar a derrota saiban erguerse con máis forza e sentido para non defraudar definitivamente a tantos millóns de votantes que viron nos seus proxectos políticos a única saída a esta España casposa e carroñera que non solta prenda, agás que alguén se atreva a desafiar o seu Poder. Podemos era e aínda pode ser esa ferramenta social que o consiga, pero antes debe retirarse aos seus cuarteis de inverno e reorganizar o seu corpo político e programático para entrar de novo na política deste país que precisa as súas propostas.

E de Galicia que? Pois de Galicia ná!! Ou casi ná!! Que diría o castizo. Aquí coma sempre esperando a Godó. A ese Godó que cada vez que o últimos no horizonte se desvanece como auga entre os dedos. Varios foron os experimentos que se levan feito nos últimos anos. As boas intencións de políticos audaces e honestos foron respostadas pola codicia dos que viron na política una maneira de non traballar e de vivir ben. Uns afeccionados que non souberon administrar o enorme capital político que os galegos puxeron nas súas mans e que se dedicaron a poñer cambadelas a todos os que se lle interpuñan no camiño cara a esa gloria efémera que en poucos anos mostrou o camiño do es-

quecemento a tantos e tantos galegos que puideron ser grandes homes e mulleres que egueran este país.

Daquelas augas viñeron estes lodos. Hoxe Galicia está máis desestruturada do que nunca estivo. Milleiros de votos e de políticos queimados nunha viaxe que nunca se soubo realmente en que dirección camiñaba. As próximas eleccións autonómicas galegas deixarán a cada quen no seu lugar. Dende aquela xa histórica unidade galega, que fora no seu momento unha ilusión de milleiros de galegos de pro, moitos tumbos teñen dado políticos e siglas. Co sinxelo que debiera ser botar man do mínimo denominador común entre todos e crear unha plataforma ampla dunha punta á outra de Galicia, establecer un código de conduta que puidera ser asumido por todos; establecer a polar cara á que todos debemos camiñar; agradecer cada contribución como unha máis para encher ese peto que todos ansiamos ter cheo de Galicia, de novos proxectos, de horizontes fermosos. Dunha Galicia plena politicamente falando, que poida mirar con orgullo o seu futuro.

Ou imos seguir creando siglas, partiditos, plataformas que logo deformamos. Imos continuar queimando o pouco capital humano que temos?

Eu atrevome a solicitar daqueles homes e mulleres que non estean dispostos a sacrificar o seu ego polo interese da Galicia que, por favor, se vaia de vacacións durante unha longa tempada. Somos moitos os dispostos a pagarllas con tal de que permitan que esta terra nosa poida erguerse deste triste situación política en que se atopa. Digan cando e canto e comezamos a xuntar os cartos precisos. Galicia non se merece que a traizoen máis.



ecocelta®
Naturaleza en equilibrio

Abonos e sustratos ecolóxicos

Materias primas de Galicia

Ecocelta Galicia, S.L. T. 986 645 487 administracion@ecocelta.com
Crt. PO-253 km 0,8 Pontacóns-Pías 36895 Pontareas



Opinión

Por Jesús Témez Fernández

Reflexións sobre as eleccións europeas en España

As eleccións europeas traen unha serie de reflexións no ámbito nacional que podemos resumir en catro breves conclusións.

Primeira, o impulso e consolidación do proxecto xa anteriormente refrendado nas nacionais de abril de Pedro Sánchez que non soamente o catapulta e consolida a nivel nacional senón que fai del a clara referencia da familia socialdemócrata en toda Europa. Espérons que esta circunstancia sexa debidamente aproveitada polo PSOE para arañar poder institucional na nova arquitectura nominal que saia destas eleccións europeas.

Segunda, o PP pecha un anaco da

hemorrxia que principiou a ter nas xerais do 28 de abril, recuperando a alcaldía de Madrid, que poderíamos dicir que é case en termos políticos actuais de proxección e notoriedade política coma unha maxistratura do nivel da presidencia do congreso dos deputados, ademais de manter de forma exígua a comunidade de Madrid e obtendo doce europarlamentarios para Estrasburgo. Aínda así Casado deberá definir que nova estratexia establece de cara a nova lexislatura onde deberá incardinar o seu discurso ao Marianismo sociolóxico co menoscabo que elo podería facer en Ciudadanos ou pola contra ao Aznarismo e restarlle graneiro

electoral a Vox.

Terceira, Unidas Podemos definitivamente agoniza, sen lugar a dúbidas en termos de responsabilidade e de desgaste político Pablo Iglesias é o líder peor parado destas eleccións quedando un máis que dubidoso e cuestionable liderazgo na formación morada de cara o inicio desta lexislatura; a práctica desaparición da súa relevancia en termos de gobernabilidade en outras comunidades autónomas onde se antollaban imprescindibles até o de agora e o seu cuestionamento polas propias bases do seu partido despois do mediático episodio da súa vivenda o deixan nun lugar pouco desexable para poder canto menos esgotar esta nova lexislatura avvicinando movementos máis que probables no curto prazo que poidan supor un troco na dirección da for-

mación.

Cuarta, cidadáns non remata de cumprir o seu obxectivo capital, o sorpasso ao PP trémulo e vacilante de Casado, obtendo un resultado discreto que non lle otorga máis notoriedade que a que xa viña tendo con anterioridade a estas eleccións, e cun líder europeo como Garicano que amosou inseguridade e pleitesía respecto un líder coma Macron que sae claramente perxudicado deste escrutinio europeo.

Como derradeira conclusión reflectir a práctica desaparición do proxecto nacional e das formacións políticas có representan nas Comunidades do País Vasco e Cataluña onde abrumadoramente os proxectos independentistas se impuxeron sen a menor discusión.



Análise sinóptica das europeas

Coma análise das eleccións europeas poderíamos destacar catro rápidas reflexións resumidas de xeito moi sinóptico. Primeira, o pacto sempiterno e motor do funcionamento das institucións europeas dende o seu natalicio entre os socialdemócratas e conservadores se resquebraxa, aínda que seguen a ser os partidos con maior número de votos en conxunto o seu debilitamento é palmario e notorio, a crise económica e financeira do 2008 e a falta e lenta resposta dos mesmos

ante a mesma cristalizou nunha clara desconfianza da cidadanía hacia estas históricas formacións.

Segunda, parte da esquerda europea principia a identificarse cun novo esquema ideolóxico máis global, moderno e preocupado pola transición ecolóxica e o cambio climático que vese reflectido nun claro ascenso das formacións verdes sober de todo na Europa máis do norte, principalmente Alemaña onde amosan unha clara vontade de goberno en moitos dos lands territoriais do

país e onde nestas europeas xa conseguiron fagocitar de facto aos socialdemócratas.

Terceira, a suma electoral dos chamados partidos euroescépticos chega case o 27% do electorado, cifra para nada desdeñable e que fai conectar as alarmas das principais cancellerías europeas, xa que en países tan importantes coma Francia, Italia, Polonia e Hungría obtiveron o primeiro posto de maneira máis que exitosa, aínda que segundo as análises dos burócratas bruxelenses máis avezados o seu perigo vese minimizado na práctica ao non chegar o umbral do 33% que suporía

de iure un claro bloqueio lexislativo as iniciativas e proxectos de máis relevancia.

Cuarta, a familia dos liberais que na práctica están chamados a ocupar ese espazo de centro político que tradicionalmente deixaban as dúas grandes familias políticas antes comentadas obtiveron un resultado un tanto discreto aínda que na práctica poderán actuar como bisagras e valedores de moitas iniciativas lexislativas os seus resultados distan moito de seren os esperados, sober de todo co frenazo do xupiterino Macron en Francia que estaba chamado a ser o novo Carlomagno europeo.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

Por Moncho Mariño

Eleccións Municipais 2019

Un mapa político moi aberto logo das municipais podería empurrar a Feijóo adiantar as eleccións autonómicas

Logo do adiamento electoral para as xerais en abril, non foron poucos nin poucas candidatas, as que non consideraban determinantes os resultados para a Moncloa sobre as eleccións municipais do 26 de maio. Así, as sete grandes cidades ofrecen un panorama moi distinto ao dos anteriores comicios locais.

A capital galega, Santiago de Compostela, despois de catro anos gobernada por Compostela Aberta con Martiño Noriega como alcalde, fora a grande sorpresa das municipais en 2015. A candidatura encabezada polo exrexedor de Teo, tivo que enfrontarse primeiramente aos ataques directos dos partidos clásicos, incluíndo BNG que podería ver diminuída a súa presenza. Gañadas as eleccións os ataques dobraron en intensidade desde diferentes puntos, “fochancas”, ineficacia, inexperiencia, empresariado que vía os seus intereses en perigo e a popular “maledicencia”. Mais a imaxe de división no seo das Mareas, as diferenzas e liortas internas, moi aireadas desde diferentes plataformas informativas, fixeron grande parte do traballo de desestabilización. E finalmente, a reaparición de Sánchez Bugallo como cabeza de lista do PSOE local fixo o resto. Así o resultado é de 10 concelleiros para PSOE, 8 PP, 5 Compostela Aberta e 2 para o BNG. Media sorpresa con Bugallo que volve con forza, sen maioría absoluta, o PP parece estabilizado nun número determinado de votantes e o mesmo o BNG.

A Coruña e Ferrol

As dúas cidades do norte da provincia que formaban con Compostela as “Cidades do Cambio”, tamén viron como os ataques á súa xestión e se- ren cualificados pouco menos

de “advenedizos” desde os partidos “tradicionais”, pásulles factura. Sumémoslle tamén ataques persoais e xuízos por cuestións “decimonónicas” e temos o resultado que temos.

A Coruña, coa Marea Atlántica liderada por Xulio Ferreiro, quedou con 6 concelleiros. PSOE e PP tiveron 9 cada un, o BNG 2 e Ciudadanos 1. Con todo o PSOE parece ter as pa- peletas para gobernar con Inés Rey como alcaldesa, unha candidatura case descoñecida e da nova “fornada” do PSdeG. Un goberno de coalición ou con pactos puntuais parecen ser as posibles vías de gobernabi-

mento, Jorge Suárez de Ferrol en Común, permanecerá de concelleiro na corporación.

Lugo e Ourense

Lugo votou maioritariamente o PP que acadou 10 concelleiros. Lara Méndez, actual alcaldesa en funcións e que repetía como candidata do PSOE, encabeza os 8 concelleiros socialistas, número insuficiente para gobernar, mais se o BNG cos seus 5 representantes facilita a gobernabilidade, ben con acordos ou en coalición, Méndez podería repetir na cadeira de mando luguesa.

Ourense cidade bota uns resultados que están poñendo na balanza cara onde pode



Baltar pendente de se permanece na deputación de Ourense

Pontevedra e Vigo

Non esperabamos sorpresas nestas dúas prazas. Mais a baixa do BNG na capital provincial quedando en 11 concelleiros, estaría case que obrigando ao pacto co PSOE, 4 concelleiros. PP con 9 e Ciudadanos con 1 non acadarían maioría absoluta. A tensión vivida a conta de Ence que dividiu claramente en dous bandos a favor e en contra da pasteira, con manifesto apoio do PP, fixo, segundo Miguel Fernández Lores, alcalde en funcións, declarase que os populares fixesen unha campaña bestial aproveitando este tema.


Pola súa banda, Abel Caballero, que adivinaba xa unha victoria cómoda, resultou ser un acumulador de votos. Case o 70% do electorado olívico confiou neste político con longa traxectoria no PSOE, e isto traducíuse en 20 concelleiros, practicamente non tería oposición. O PP quedaría en 4, En Marea Vigo 2 e BNG 1. Sen palabras.

En vilas como Vilagarcía de Arousa, o PSOE queda con 12 concelleiros. Mentres Vilalba en Lugo, lugar de nacemento de Manuel Fraga, o PP perdería a maioría absoluta e sendo superado polo PSOE por un concelleiro. Onde si recuperan os “populares” a maioría ab-

soluta é en Lalín, cunha lexislatura pasada liderada por Rafael Cuíña que ve agora como José Crespo volve sentar no sillón de mando da localidade pontevedresa. Os dous “feudos” do BNG, Carballo e Allariz, repiten maioría para a formación nacionalista cousa que tamén aconteceu en Ribadeo.

A conclusión é que as liortas internas das Mareas, as diferenzas entre as diferentes correntes e os movementos estratéxicos duns e doutros fixeron que as “Alcaldías do Cambio” visen os seus modelos caer. Martiño Noriega en Compostela e Xulio Ferreiro na Coruña anunciaron o abandono da política, pola contra Jorge Suárez en Ferrol posiblemente continúe como concelleiro. Outra lectura que podemos tirar de todo isto é a baixa do PP e a suba do PSOE. Mentres en Monterroso, Lugo, hai liorta entre Independentes e PSOE por un voto, cuestión que podería arranxar en breve.

Voces triunfalistas falan de Gonzalo Caballero con posibilidades de chegar á Xunta, máis así e todo, ninguén privará a Feijóo, cuxo partido resistiu ben nestas eleccións, adiante os comicios autonómicos para non perder forza e seguir en Monte Pío. Todas as apostas están abertas.



lidade no caso de que Rey queira ocupar o sillón de María Pita.

Ferrol pola súa banda, repetía candidato co PP, José Manuel Rey, un intento de Feijóo para recuperar a cidade departamental, estando certo que sería o máis votado. E así foi, o PP ferrolán tivo 12 concelleiros, 8 o PSOE, 5 Ferrol en Común e 3 o BNG. Sorpresa tras sorpresa, Varela tivo o apoio da maioría, mais o candidato socialista, Ángel Mato anunciaba a noite electoral que habería pacto de goberno entre os outros tres grupos que superarían por un ao PP. O que era o alcalde ata o mo-

chaer a gobernabilidade da cidade das Burgas. En tal caso, PSOE levou 9 concelleiros, mentres PP e Democracia Ourense levaron 7 cada un. O BNG e Ciudadanos levaron dous cada un. Queda por ver se os pactos poden abrir o concello ao PSOE ou se o PP xunto con Democracia Ourense quedan coa gobernabilidade.

Sorpresa maiúscula é que a Deputación de Ourense poda deixar de ter un Baltar na súa sede. Todo depende das diferentes opcións e poxas abertas nestes momentos. O caso é que sería histórica a desaparición dos Baltar no ente provincial.

O Concello destina 600.000 euros á convocatoria de bolsas de comedor, material escolar e actividades

A partir do 14 de xuño estará aberto o prazo para a solicitude de bolsas de comedor, material escolar e actividades extraescolares para o vindeiro curso escolar.

Poden optar á convocatoria as unidades familiares e de convivencia empadroadas no Concello de Santiago, con persoas menores ao seu cargo escolarizadas nos centros docentes públicos ou concertados do municipio sostidos con fondos públicos, que cursen Educación Infantil (segundo ciclo) ou Educación Primaria. Ademais, para a modalidade de escaseza de recursos non se pode superar a renda per cápita de 6.454,08 €/ano (IPREM). No caso da conciliación, o baremo económico é que a renda máxima familiar non pode superar os 22.589,28 €/ano (3,5 veces o IPREM) e é preciso acreditar a xornada laboral de ambos proxenitores, titores legais ou soamente da persoa solicitante no caso de separacións, divorcios e familias monoparentais.

Como nos anos anteriores,



A concelleira de Políticas Sociais, Concha Fernández acompañada de Javier Marañón (técnico de xestión) e Ana Ares (traballadora social).

existen dúas modalidades de bolsas de comedor. Por unha banda, a de escaseza de recursos económicos onde se inclúen bolsas de comedor, actividades extraescolares e material escolar (para o segundo ciclo de Educación Infantil). Por outra banda, a de conciliación, onde se poden solicitar bolsas de comedor escolar.

No relativo ás contías, para o primeiro caso de escaseza de recursos, as bolsas de comedor están dotadas de 90 euros ao mes, agás que o importe sexa inferior a esa contía. Para as actividades extraescolares aboaranse 30 euros

ao mes, agás que o importe sexa inferior a esa contía. Para as bolsas de adquisición de material escolar haberá un pago único dun máximo de 60 euros.

Para o segundo caso de bolsas de comedor para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral concederanse ata 80 bolsas por importe de 45 euros ao mes, dez bolsas máis que no curso actual e 30 máis que no pasado curso. Para máis información está dispoñible o teléfono 981 542 465 ou en Servizos Sociais (rúa de Isaac Díaz Pardo, nº 2-4, Galeras).

Aberta a licitación das obras de rehabilitación da "Casa das Máquinas"



A Xunta de Goberno vén de aprobar, nunha sesión extraordinaria celebrada esta semana, o inicio do procedemento de adjudicación das obras de rehabilitación da Casa das Máquinas. A actuación suporá un investimento de máis de 250.000 euros.

A Casa das Máquinas, deseñada polo arquitecto compostelán Xesús López de Rego, foi construída en 1919 e atópase entre o patrimonio catalogado, en atención ás súas características tipolóxicas e compositivas de especial significación arquitectónica e ambiental. O edificio, que estivo destinado a albergar un transformador de Fenosa, ten unha cualificación urba-

nística de dotación con uso previsto sociocultural.

O proxecto licitado contempla a consolidación do edificio, actuando sobre a carpintería e a cuberta. Nos dous casos, manterase o espírito do proxecto orixinal. Ademais, reporase o tellado, adaptando a cuberta á normativa vixente. En canto ao espazo interior, quedará baleiro. A actuación conta co financiamento da Deputación da Coruña, que achegará 200.000 euros do orzamento total das obras. Previamente, o Goberno local ten investido 50.000 euros nunha primeira fase da actuación, para apuntalar a Casa das Máquinas ante o risco de que se rexistraran derrubamentos.

A ruta cultural "As pegadas de Rosalía" xa conta cunha páxina web propia

Os concellos de Santiago, Ames, Brión e Padrón acaban de pór en funcionamento a páxina web da ruta cultural "As pegadas de Rosalía". Mediante esta acción búscase que os usuarios poidan acceder de forma directa e fácil a información detallada sobre a ruta rosaliana, así como dar a coñecer as últimas novas e iniciativas organizadas arredor da propia ruta. A web www.ruta-rosaliana.gal, que xa está dis-

poñible en galego, español e inglés, tamén acolle a versión actualizada da aplicación Contorna 360, que permite realizar un percorrido interactivo e panorámico polos distintos lugares que artellan o roteiro.

A iniciativa "As pegadas de Rosalía" foi presentada o pasado mes de xaneiro na Feira Internacional de Turismo (Fitur), co obxectivo de achegar a vida de Rosalía a toda a poboación. Ao longo desta ruta cultural, baseada no percorrido

deseñado polo intelectual Ave-lino Abuí de Tembra, poden visitarse os lugares emblemáticos da vida e do legado literario de Rosalía de Castro.

Trátase dun itinerario circular que parte da praza de Vigo, en Santiago de Compostela, e chega ao Panteón de Galegos Ilustres, despois de percorrer lugares vinculados á vida de Rosalía de Castro como San Xoán de Ortoño, a igrexa de Bastavales, en Brión, ou a colexiata de Iria Flavia, en Padrón.

Entra en vigor a nova ordenanza da ORA

A veciñanza da cidade histórica xa pode solicitar as tarxetas que lle permiten estacionar na zona ORA en calidade de residentes, mesmo aquelas persoas que viven en zonas peonís ou con aparcamento restrinxido. Trátase dunha das principais novidades da modificación da ordenanza da ORA, que entrou en vigor tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Con esta medida, o Concello pretende facilitar o es-

tacionamento das persoas que residen na zona vella, onde non hai zonas ORA habilitadas. Ata o de agora, só se podía acceder á tarxeta de residentes por domicilio en zona ORA, pero a modificación da ordenanza incorporou o suposto das rúas peonís ou sen prazas de aparcamento próximas ás zonas reguladas de estacionamento. A tarxeta permitirá que a veciñanza da zona histórica aparque por un tempo máximo de 240 minutos.



COMPOSTELA

capital da creatividade



O concello da Coruña acorda a adquisición do club social e aparcadoiro da Fábrica de Armas por un millón de euros

A Xunta de goberno local acordou executar o seu dereito de compra sobre o clube social e os aparcamentos da Fábrica de Armas, propiedade neste momento do Ministerio de Defensa, así como iniciar os trámites para adquirir as citadas instalacións por un prezo dun millón de euros. O alcalde da Coruña, Xulio Ferrero, manifestou que “o executivo municipal executa este trámite, que servirá para que o Concello poida actuar sobre estes equipamentos, cousa que até o de agora non podía facer a pesar de estar en vigor unha concesión demanial gratuítas que foi acordada en 2014 por un prazo de cinco anos”. “Deste xeito, teremos capacidade para mellorar unhas instalacións que poderán ser usadas por toda a cidadanía en xeral e, especial-



Espazo deportivo da Fábrica de Armas.

mente, pola veciñanza da contorna de Palavea, coa que, historicamente este Concello ten unha grande débeda en canto a equipamentos públicos”, dixo.

Segundo recordou o rexedor, o goberno local “leva xa tempo facendo os deberes para posibilitar o exercicio do dereito de compra destes equipamentos”. De feito, xa en 2016, o Concello puxo en coñecemento do Ministerio de Defensa a súa intención

de facerse coa titularidade dos terreos, unha posibilidade recollida, precisamente, no acordo subscrito en 2014. Posteriormente, en 2017, o Pleno municipal aprobou unha modificación puntual do PXOM, pola que estes terreos na Fábrica de Armas pasaron a ter condición de espazo libre deportivo de titularidade pública, cualificación urbanística que permitiría a renovación ou ampliación das instalacións deportivas existentes. “O executivo municipal fixo o seu traballo. Esperamos a mesma dilixencia por parte da Dirección Xeral de Infraestruturas de Defensa”, apuntou o primeiro edil.

O terreo en cuestión comprende a instalación que alberga os vestiarios, así como a edificación de dúas plantas que alberga tanto unha sala de lectura na súa parte alta como tres piscinas na baixa.

Presentación da tempada lírica



O concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande, participou na presentación da programación da tempada lírica da cidade, organizada por Amigos de la Ópera e que conta co apoio do Concello. O edil salientou a “programación variada e completa do programa, que segue unha liña de aposta pola lírica inclusiva, de calidade”. “Este ano temos ademais, coincidindo coa efeméride dos 221 anos de Don Giovanni, a recuperación da Coruña como primeira cidade española en acoller a estrea desta ópera de óperas reforzada pola dirección dunha figura esencial como Carlos Saura, unha ocasión de luxo para contemplar na cidade un espectáculo único e insólito”, remarcou.

O Concello colabora cun financiamento de 160.000 euros (80.000 do Concello e 80.000 da Fundación Emalcsa), así como a cesión do Teatro Colón e a utilización da Orquestra Sinfónica de Galicia.

Gonzalez Caballero destaca que se abre un novo tempo político no país cunha cidadanía que volve dicir non a Feijoo

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, compareceu ante os medios de comunicación para analizar polo miúdo os resultados das eleccións europeas e municipais que tiveron lugar onte, nas que os socialistas galegos obtiveron máis de medio millón de votos. “Ábrese un novo tempo político no país”, destacou, despois de que a cidadanía galega volveuse “dicir non” ao PP de Feijóo nas urnas.

“Estamos moi satisfeitos”, subliñou Gonzalo Caballero, para facer fincapé en que o PSOE reafirmase como primeira forza tanto en España como en Galicia. No caso da nosa comunidade, os socialistas “recalcou” “representamos a opción de futuro”. “Temos unha posición afianzada sobre todo no escenario urbano, onde estamos chamados a liderar gobernos de progreso en seis das sete cidades”, destacou.

En termos xerais, o líder dos socialistas galegos detallou que o mapa dos resultados permite ver que existe “unha maioría social de progreso e de esquerdas” que está “liderada con moita claridade polo PSdeG”. E esta maioría, profundou, amosa a apertura dun “novo tempo político” en Galicia.

“Os galegos e as galegas suspenderon unha vez máis ao PP e a Feijóo”, sentenciou Gonzalo Caballero, quen apuntou que o presidente da Xunta, quen tratou de facer destes comicios “unha segunda volta” das xerais, volveu recibir “un non” da cidadanía. “Dixéronlle non en abril e volveronllo dicir”, incidiu, ao tempo que saudou o “cambio de ciclo” e comprometeuse a “traballar arreo” para reeditalo nas autonómicas.

“Seguiremos construíndo unha maioría de cambio. O PSdeG está en condicións de liderar unha Galicia de progreso e de avance social fronte ao pasado



que representa Feijóo e que xa chega ao seu fin”, enfatizou o máximo dirixente do PSdeG, tras dar conta de que xa recibiu os parabéns do secretario xeral do PSOE e presidente do goberno en funcións, Pedro Sánchez, polo “magnífico resultado” obtido en Galicia e de que el mesmo felicitou xa a distintos compañeiros polo éxito conquistado.

¿MODERACIÓN DO PP?

Ao fio da análise dos resultados

electorais, Gonzalo Caballero retou a Feijóo, quen dixo que o PP xa se instalara “no centro e na moderación”, a amosar esa “mesura” rexeitando o pacto con Vox para gobernar Madrid.

“É a proba de fogo da súa credibilidade”, advertiu o secretario xeral do PSdeG, quen instou ao presidente da Xunta a “dicir hoxe mesmo que o PP no pode pactar coa ultradereita en ningunha comunidade ou concello”.

Guía Gastronómica

Redacción OURENSE

Xornalistas e políticos

Xornalistas e políticos buscaron tempo para o relax entre as eleccións xerais e as locais. Croquetas de bacallau, afumados e ensaladas de Fuentefría foron a elección. Pasou a campaña, rematou o recuento de votos e faltan os pactos.



Majestic no Couto

Uxía, con dez anos de experiencia en hostalería, abriu como emprendedora o café Majestic no Couto (Ourense) no pasado mes de maio. Ofrece almorzos, bocadillos, sándwiches, tortas, hamburguesas de tenreira e pito; cheps salgados e doces; batidos de xeadado e bolas; gofres e racións e medias racións para merendas e ceas. O local dispón de dúas terrazas, unha anterior e outra posterior. Esta pretendese adicar ao xogo da chave. “Boa compañía e bo produto” é o lema da casa, segundo Uxía.



Neli e Uxía nos seus postos de traballo.

Festa do petisco en Moka café

Olaia Méndez Cortizo acaba de abrir Moka Café na rúa Ervedelo 90 do barrio ourensán do Couto. Ademais de almorzos e petiscos, ofrece ao público menú do día, hamburguesas, sándwiches, bocadillos, pratos combinados, ensaladas, menús especiais, e racións de morunos, chipiróns, luras e patacas alioli. A carta inclúe dogs: simples e vexetais e o moka café estilo americano. Os xoves a partir das sete da tarde celébrase a festa do petisco. O establecemento dispón de terraza cuberta.



Olaia Méndez Cortizo.

café majestic

Almorzos,
tapas,
merendas.

988 00 33 23

Pza. Monteagudo 3
O Couto
Ourense

Desayunos, pinchos, menús

moka café

Teléfono 988 064660
(Lunes cerrado). Ervedelo, 90.

O COUTO. Ourense

Bar FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE

Café Bar NOVO ENTRIMO

Viños e tapas

Velázquez, 18
O COUTO
Ourense

627 85 86 13

Novos policía locais auxiliares para Monforte

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, recibiu ós 3 auxiliares de policía local que se incorporan ó servizo na cidade de Monforte. Nesta primeira toma de contacto, o alcalde departiu cos axentes auxiliares sobre o funcionamento do corpo da Policía Local e outros aspectos relacionados coas súas futuras funcións na cidade e no conxunto do Concello. Os policía locais auxiliares que se incorporaron ó servizo son os tres primeiros dos seis que o Concello de Monforte vai contratar este ano. Será a finais do mes de novembro cando rematen a súa actividade, sendo o seu contrato de seis meses. Os outros 3 auxiliares de policía local comezarán o seu servizo a principios do mes de xullo e rematarán o seu contrato en decembro do presente ano.

Actualmente a plantilla da Policía Local de Monforte está



Os policía locais auxiliares co alcalde.

formada por 14 axentes, dos cales 3 deles son os axentes que actualmente están a realizar a primeira fase do curso de formación na Academia Galega de Seguridade de A Estrada, logo de seren nomeados como funcionarios en prácticas polo rexedor monfortino a mediados do mes de abril.

Os tres axentes continuarán nesta primeira fase formativa ata finais do mes de xuño.

Tras ela, durante os meses de xullo e agosto iniciarán un período de prácticas no Concello de Monforte. Logo deste período práctico, completarán unha segunda fase formativa na Academia Galega de Seguridade e, toda vez que superen este proceso formativo, está prevista a súa incorporación como policía locais do Concello de Monforte no mes de novembro deste ano 2019.

Contra o tabaquismo en Sober

Como cada ano, Luisa Astray, educadora social e responsable de prevención da Unidade Asistencial de Prevención de Drogodependencias de Monforte de Lemos, adicou dúas sesións aos rapaces e rapazas de 5º e 6º de Primaria de Sober sobre os riscos e tipos de dependencias sendo o tema principal o tabaco. Na primeira sesión, ademais de conversar e concienciar aos nenos e nenas sobre todos os inconvintes deste mal hábito coñecendo algunhas das substancias que se encontran nun cigarro, o alumnado levou a cabo un experimento co que puideron decatarse dos residuos que un



Os asistentes asinaron un compromiso de non fumar ao chegar ao Instituto.

só cigarro deixa no algodón e que son os mesmos que deixarían no noso pulmón. Na segunda sesión coñeceron máis detalles sobre o tabaco e fixe-

ron unha práctica na que tiñan que rechazar una invitación a fumar dando argumentos en contra do tabaquismo.

Dotacións para Navia de Suarna e Lugo



Xunta de goberno da Deputación.

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou novas obras por valor de case 170.000 euros en traídas de auga no rural de Navia de Suarna e nas rúas Aguiá e Vila de Sarria, na cidade de Lugo. En Navia de Suarna, as actuacións consisten na mellora da rúa e traída de auga do núcleo da Pobra, na zona da Igrexa e a

residencia, e en Barcia tamén se acondicionará a traída de auga da que se beneficiarían veciños e unha casa de turismo rural. En Lugo realizaranse obras de pavimentación na Rúa Aguiá que servirán para facilitar o acceso a un parque periurbano da zona e na rúa Vila de Sarria, situada no entorno do Parque Rosalía de Castro.

O Camiño Primitivo por Lugo



O delegado da Xunta ollando a exposición.

Domingo López Rodríguez "Chomin" ten aberta na sala de exposicións da Delegación Territorial da Xunta en Lugo, unha mostra dos seus traballos sobre o Camiño Primitivo a Santiago ao seu paso polo municipio. Trátase de maquetas de igrexas e edificios his-

tóricos feitos a man e usando o corcho como material. "Chomin" comezou a facer este traballo ao xubilarse, dedicandolle cinco horas diarias. Nesta sala de exposicións, con capacidade para cincocentas persoas, amosásen tódolos meses obras de pintura e escultura.

Redacción LUGO

A Xunta aproba axudas para obras en máis de medio cento de concellos

A Xunta de Galicia vén de resolver tres programas de axudas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que suman un investimento de 3,8 millóns euros para o desenvolvemento de obras en máis de medio cento de concellos da provincia de Lugo. O delegado da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, deu conta das resolucións do Fondo de Compensación Ambiental - liñas competitiva e non competitiva- e da convocatoria

para a mellora de infraestruturas públicas, tres plans de apoio destinados a colaborar cos concellos no financiamento de obras e servizos de competencia municipal. Balseiro explicou que con estas iniciativas a Xunta impulsa o desenvolvemento de 81 proxectos promovidos por 56 concellos lucenses -algúns acceden a máis dun programa- e as mancomunidades de municipios da Mariña e a Terra Chá.

Canon eólico

O Fondo de Compensación

Ambiental redistribúe o orzamento recadado a través do canon eólico que xestiona a Xunta para que reverta nos concellos lucenses financiando obras de interese ambiental ou de mellora das súas infraestruturas. A liña non competitiva beneficia só a aqueles que teñen no seu territorio instalacións eólicas, que no caso de Lugo son 29 concellos e suman axudas por importe de 2.308.000 euros. Neste caso o Goberno galego asume o 100% do custe da obra o servizo proposto polo concello.

A liña competitiva do fondo



José Manuel Balseiro deu conta das axudas.

de compensación distribúese entre todos os concellos, teñan ou non instalacións eólicas, en base a criterios obxectivos. Na provincia de Lugo desenvolveranse proxectos en 31 concellos cunha achega da Xunta de 875.000 euros -a

media da axuda da Xunta é do 76% do investimento subvencionable. A liña de axudas para a mellora de infraestruturas públicas distribúe en Lugo 633.700 euros entre 23 concellos e as dúas mancomunidades citadas.

Redacción OURENSE

Dependencias da Deputación pasarán ao edificio de Correos

O subdirector de Inmuebles da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, Edelmiro Castro, comunicou á presidencia da Deputación de Ourense o acordo de adxudicación do contrato de aluguer de 1.236 metros cadrados de superficie nas plantas soto, baixa, primeira e segunda do edificio de Correos. A Deputación instalará ahí as dependencias do Inorde, as oficinas da Área de Benestar, Recursos Europeos, Publicacións e Arquivo.

O presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, confirmou a resolución do acordo e destacou que o espazo que actualmente ocupa o Inorde será destinado ao Museo da Roda de Afar -que figuraba no Plan Ourense 15-19-, "que a Deputación de Ourense porá en marcha, como símbolo da provincia, con Florencio de Arboiro, propietario dunha das

colecións máis importantes do mundo dun elemento tan distintivo da nosa identidade".

Baltar afirma que dentro do ámbito de expansión da Deputación de Ourense "e logo de acadar a "débeda cero", unha das iniciativas importantes para dispor de maior espazo para os servizos administrativos e ofrecer unha mellor atención á veciñanza é o aluguer do edificio principal de Correos da cidade de Ourense, aluguer que vén de ser adxudicado pola Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, o que significa que o expediente está rematado e que nos próximos meses comezará o traslado das dependencias do Inorde e dou-



Edificio de Correos en Ourense.

tros servizos da Deputación ás súas novas instalacións".

Desta maneira, Correos continuará coas súas oficinas na planta baixa do edificio e a Deputación disporá de espazos nas demais plantas, ampliando así as súas instalacións administrativas, situadas no Pazo Provincial. Prevese que tralos trámites administrativos as novas dependencias da Deputación estean operativas nos vindeiros meses.

Xornadas Interculturais



As xornadas serán na rúa Sainza 26.

De espallar a cultura polo mundo saben moito os da Asociación Cultural Queixumes dos Pinos, que o longo de 25 anos levano facendo, levando a nosa e traendo a allea, con festivais e xuntanzas de todo tipo. Este 9 de xuño volverano facer, organizando as V Xornadas Interculturais baixo o lema "Construyendo caminos para la igualdad" ás 11.30 horas.

Asistirán representacións de Venezuela, Colombia, República Dominicana, Senegal, Galicia, Marruecos e Perú que mostrarán o seu folclore,

costumes, gastronomía, bailes, música e moitas mais actividades que conforman un abano de luz e cor, para disfrutar dun día cheo de experiencias novas. En palabras do director de Queixumes dos Pinos, "tratase de xuntar o mellor de todos nos e ofrecerllo a sociedade ourensana porque coñecemos fainos mellores".

Sonia Sánchez, representante de Venezuela, comentou a alegría do pobo venezolano que se transmite no seu folclore, a pesares do difícil momento que está atravesando o país.

Axudas para parques empresariais

A Consellería de Economía, Emprego e Industria vén de resolver a Orde de mellora de infraestruturas de parques empresariais que achegará 1,1 millón de euros para a execución de 15 proxectos que permitirán impulsar as infraestruturas de 12 polígonos de 11 concellos da provincia de Ourense, dos que sete eran Concellos Emprendedores no momento de realizar a solicitude, o que lles deu prioridade na concesión das

axudas. Do total de proxectos aprobados na provincia, a maioría (oito) terá como obxectivo mellorar as infraestruturas viarias dos polígonos, aínda que tamén se desenvolverán iniciativas para a instalación de sistemas de seguridade e vixilancia (catro), e para plantas de depuración de auga, mellora do saneamento e tratamentos das augas pluviais (tres).

Coincidindo coa resolución desta liña de axudas, a delegada

territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Moureira, visitou o polígono industrial de San Cristovo de Cea, un dos doce recintos empresariais da provincia beneficiados con este programa. Díaz Moureira e o alcalde, José Luis Valladares, analizaron as obras de mellora que se van a executar grazas a estes apoios autonómicos e que consistirán na instalación dunha planta de depuración de augas e mellora das infraestruturas viarias. O Goberno



Parque empresarial de San Cristovo de Cea.

galego apoiará con máis de 232.269 euros a realización destas actuacións, asumindo así o 80 por cento do custo da obra. San Cristovo de Cea é Concello Emprendedor, é dicir,

está adherido ao convenio asinado entre a Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para para impulsar a captación de novos investimentos empresariais.

Concentración parcelaria en Castro Caldelas

A Xefatura Territorial de Ourense da Consellería do Medio Rural, anuncia a toma de posesión provisional dos predios de substitución na zona de concentración parcelaria do Burgo-Vilamaior-Camba no Concello de Castro Caldelas. A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural resolveu dar a toma de posesión provisional dos novos predios resultantes do proceso de concentración parcelaria, con data do 20 de marzo de 2019. As datas para tomar posesión dos predios son as seguintes: Para terreos de prado, pasteiro, labradío sen colleita e monte, o día 3 de xuño de 2019. Para os restantes terreos, no momento, en que segundo a costume, se retiren as colleitas actuais. Para o caso de que se pretenda retirar arboredo, a data límite é o día 4 de setembro de 2019, e debe contarse co preceptivo permiso do Servizo de Montes.

No prazo de dous meses contados a partir do seguinte á data establecida para a posta á disposición dos predios, poderase reclamar por defecto de superficie nos predios atribuídos.



Vista aérea de Castro de Caldelas.

búidos xuntando unha medición pericial asinada por técnico competente, sobre diferenzas de superficie superiores a unha marxe de tolerancia variable entre a medición in situ e a que conste no boletín de atribucións dos novos predios. As persoas propietarias das parcelas de achega deben permitir aos titulares dos novos predios o acceso a eles para proceder no prazo dos dous meses enriba sinalado a medilos.

Debe terse en conta que: A falta de superficie dun predio non será compensada cando exista exceso de superficie no conxunto dos predios atribuídos ao mesmo propietario e esta sexa suficiente para compensar en valor de puntuación

o conxunto das atribucións. A falta de superficie en terreos de núcleo rural (total ou parcialmente) será compensada nesta mesma clase. No caso de non existir dispoñible terreo deste tipo e o mesmo titular ter exceso de superficie en terreos doutra clase, a compensación farase sobre os ditos terreos. Non se admitirá reclamación no caso de que o predio obxecto dela coincida exactamente, na súa delimitación cartográfica, coa parcela achegada polo mesmo titular. Impedir ou obstaculizar a toma de posesión é considerada unha infracción moi grave (artigo 90 da Lei 4/2015) sancionada con multa de 1.501 a 6.000 euros.

Xunqueira de Espadanedo e Montederramo terán Casas Niño



As Casas Niño son para concellos de menos de 5.000 habitantes.

A Consellería de Política Social apoiará a creación de dúas novas Casas Niño nos concellos ourensáns de Xunqueira de Espadanedo e Montederramo. O Diario Oficial de Galicia (DOG) de 16 de maio publicou a resolución destas axudas con cargo á convocatoria de 2018. Deste xeito, na provincia de Ourense son 33 as Casas Niño que contan co apoio financeiro da Xunta para levar a cabo a súa actividade, ao abeiro das tres convocatorias de axudas realizadas ata agora que se corresponden cos exercicios de 2016, 2017 e 2018. Así, serán ata 165 as prazas públicas de 0 a 3 anos postas a disposición das nais e pais desta provincia a través deste tipo de recurso.

O Goberno galego está a

elaborar unha nova convocatoria para este ano, que permitirá a creación de 15 novas Casas Niño en concellos galegos. As Casas Niño son servizos gratuítos para as familias que ademais de facer máis doado conciliar, contribúen a fixar poboación no rural e a dinamizar a economía local. Cada unha delas atende de maneira personalizada e nun horario flexible de luns a venres ata un máximo de 5 nenas e nenos de 0 a 3 anos. Na actualidade, hai 61 recursos deste tipo repartidos por toda a xeografía galega e serán 76 cando remate desta lexislatura.

A Administración autonómica substitúe aos proxectos de dúas Casas Niño, en Vilasantar (A Coruña) e Petín (Ourense) que renunciaron á axuda.

A Peroxa loitará contra o xabaril

Manuel Seoane, alcalde de A Peroxa, trasladoulle á conselleira de medio Ambiente, o impacto que están a ter as incursións de xabarís nalgúns explotacións agrarias do seu concello, particularmente nas relacionadas co sector vitivinícola. Neste sentido, Ángeles Vázquez explicoulle que o seu departamento está a desenvolver varias medidas, tanto desde un punto de vista preventivo como paliativo, relacionadas coa xestión do xabaril en Galicia, un problema que a Xunta está a abordar "coa máxima preocupación" tras constatar un incremento dos exemplares

existentes na comunidade.

A conselleira dixo que nos últimos meses puxéronse en marcha unha serie de accións para poñer coto ás poboacións de xabarís, entre as que se referiu á axilización das autorizacións para realizar batidas puntuais en zonas nas que se constatan danos e ataques, a decisión de prolongar o período de caza oficial a próxima tempada ou o emprego de novos métodos selectivos de captura, como por exemplo, as gaiolas trampa.

A este respecto, Vázquez Mejuto propúxolle ao alcalde da Peroxa a posibilidade de ofrecerlle aos viticultores afec-

tados por incursións de xabarís algunha das gaiolas das que dispón a Consellería. Así, lembrou que a finais do mes de marzo o seu departamento encargou un lote con 20 gaiolas trampa para probar o seu funcionamento en explotacións agrícolas e gandeiras con provocados polo xabaril, unha medida de control excepcional e alternativa das poboacións desta especie que xa se está a empregar na práctica.

Ángeles Vázquez, por outra banda, comprometeuse a estudar e analizar posibles vías de colaboración entre o seu departamento e o Concello da Peroxa para executar un pro-



Manuel Seoane con Ángeles Vázquez.

xecto de humanización de espazos públicos no seu núcleo urbano. Así llo trasladou Vázquez Mejuto ao alcalde deste municipio, Manuel Seoane, durante unha reunión de traballo na que abordaron varios asuntos de interese relativos a

áreas da súa competencia. Concretamente, en materia urbanística a actuación que ten proxectada o Concello da Peroxa consiste na realización dunhas obras para reurbanizar e humanizar a rúa da Fonte e unhas prazas lindeiras á mesma.

Paderne de Allariz terá escola infantil

A conselleira de Política Social, Fabiola García, e o presidente da Mancomunidade Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense e alcalde de Paderne de Allariz, José Manuel Fernández, asinaron o convenio de colaboración para a construción dunha escola infantil da rede autonómica A Galiña Azul en Paderne. A sinatura do convenio era o último trámite administrativo que estaba pendente, despois de que a Asemblea da Mancomunidade de Concellos de Ourense aprobase o pasado 11 de abril o texto dese documento. Está previsto que a Xunta publique esta semana a licitación das obras, co obxectivo de que poidan comezar este verán.

O investimento previsto para a construción desta nova Galiña Azul é de 535.000 euros, dos que a Xunta -a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar-, alcanzará



Sinatura do convenio na Delegación da Xunta en Ourense.

410.000 euros (cun 80% de financiamento procedente de Fondos Feder da Unión Europea) e o resto, a Mancomunidade.

A construción da escola infantil de Paderne de Allariz, que cando estea rematada ofertará 41 prazas (3 unidades), servirá como recurso de conciliación da vida laboral e persoal de familias, non só do propio concello de Paderne de Allariz, senón tamén do resto dos municipios que integran a Mancomunidade ourensá, promotora

co Consorcio da súa construción.

O novo centro, que se integrará na rede autonómica A Galiña Azul, será xestionada de acordo co modelo de cofinanciamento establecido no Acordo Marco asinado pola Consellería e pola Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para ese tipo de centros do Consorcio, que está regulado pola Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de orde nación.

Larouco quere vivendas para mozos



Ángeles Vázquez recibiu a Joaquín Prieto.

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o alcalde de Larouco, Joaquín Prieto Rodríguez, mantiveron unha reunión de traballo para analizar as distintas axudas da Xunta de Galicia para facilitar o acceso a unha vivenda, aos mozos especialmente. A conselleira indicoulle que o IGVS ten aberta unha liña de actuación, á que se destinan 800.000 euros, para habilitar axudas para adquisición de vivenda por parte de menores de 35 anos en concellos de menos de 5.000 habitantes. Indicou que os interesados dispoñen ata finais de outubro para presentar a súa so-

litude. O obxectivo é contribuír ao asentamento de mozos nos concellos menos poboados, favorecendo a fixación de poboación nova nas áreas máis rurais de Galicia.

Outra das propostas para facilitar vivenda aos veciños de Larouco son o emprego de técnicas de construción modular. Ángeles Vázquez explicoulle que este procedemento construtivo baséase na unión de distintos módulos estandarizados que se fabrican na súa totalidade en taller, de xeito que as únicas obras requiridas sobre o terreo para a instalación destes inmo- bles será a execución da cimentación e ensamblaxe.

A Garda Civil desarticula unha rede de etiquetado falso de viño

Catro persoas foron detidas e outras seis están a ser investigadas pola súa presunta participación nunha fraude de embotellado e venda de viño realizado "de maneira masiva e fraudulenta", segundo informou a Garda Civil. O operativo, resultado dunha investigación que xa se iniciou en decembro de 2018, contabiliza xa 11 rexistros en naves e domicilios das provincias de Ourense, Lugo e Pontevedra, así como en León. As pesquisas comezaron por mor dunha denuncia do consello regulador de denominación de orixe do Bierzo, que puxo en coñecemento da Garda Civil ter detectado irregularidades en varias contraetiquetas dos viños desa denominación.

Xa se procedeu a inmovilizar 8.000 botellas de viño en diferentes provincias, pero



sábese que a trama delituosa puxo no mercado nacional e internacional ao redor de dous millóns de botellas que se fan pasar por viño do Bierzo, con Indicación Xeográfica Protexida de Viño da Terra de Castela e León. Unha das centrais de distribución investigada sitúase nos arredores da capital ourensá. Nos rexistros practicados, o Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil (Sepрона), á fronte da operación, in-

cautouse de "abundante" documentación, varios centos de miles de contraetiquetas falsificadas e 335.000 euros, ademais doutros efectos.

A Garda Civil atribúe aos detidos e investigados presuntos delitos de estafa continuada, fraude, falsificación, utilización ilexítima de figuras de calidade e branqueo de capitais. A operación non se deu aínda por pechada e non se descarta que poidan producirse máis detencións.

Melloras no polideportivo de Pereiro de Aguiar



O pavillón municipal ten varias deficiencias.

A Vicepresidencia da Xunta vén de resolver as axudas da Orde de Infraestruturas de Uso Público que teñen como principal obxectivo mellorar as condicións de vida das persoas residentes nas áreas rurais coa creación ou mellora das infraestruturas, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais. Así, o Goberno galego apoiará con máis de 730.000 euros a execución de 25 proxectos noutros tantos concellos da provincia ourensá.

Coincidindo coa resolución desta liña de axudas, Marisol Díaz Mouteira visitou O Pereiro de Aguiar, un dos 25 concellos

da provincia beneficiados con este programa. A delegada territorial xunto con alcalde, Eliseo Fernández, analizaron as obras de mellora do pavillón polideportivo municipal que se van a executar grazas a estes apoios autonómicos. Díaz Mouteira comprobou a deterioración do lucernario central e dos elementos de drenaxe das augas pluviais que ocasiona manchas de humidade e filtracións ao interior, polo que os traballos que se acometerán ao abeiro desta Orde consisten na substitución e reposición dos elementos de evacuación das augas pluviais (lucernario e caleiros) do edificio.

O Concello de Ourense acumula 105 millóns de euros do remanente de Tesourería

O Concello ten 105 millóns de euro de remanente de Tesourería nas arcas municipais, segundo Democracia Ourense. O remanente equivale a máis de 20 veces o investimento real consignado nos últimos presupostos do que dispuxo o Concello de Ourense. O feito coñécese cando se cumpre un ano de fracasar Jesús Vázquez no intento de aprobar os Orzamentos de 2018 vinculados a unha cuestión de confianza, ao declinar a oposición a urxencia que requiría o Pleno no que pretendía abordar o asunto.

Sen aprobar un só orza-

mento en todo o mandato, Jesús Vázquez herdou do goberno socialista de Agustín Fernández os Orzamentos de 2014. Publicados o 18 de novembro, boa parte do investimento consignado a 2014 executouse en 2015. Por iso é polo que o goberno que sucedeu ao do PSOE, aínda executou realizacións como a reforma da rúa Concello. Aqueles orzamentos consignaban a investimentos na cidade 5.085.233 euros. O que agora ten en caixa acumulado o Concello de Ourense daría para repetir 20 anos esa mesma partida orzamentaria.

"A friorenta de máis de

100 millóns, é o desfasamento acumulado de orzado e non executado ao ter orzamentos caducados por Jesús Vázquez", sinala Democracia Ourense. Os de Pérez Jácome inciden en que si era e é posible rebaixar a carga impositiva ao cidadán, e segue reprochando ao PSOE que cuestione calquera baixada impositiva. DOu sostén de fronte ao novo mandato, que será tan necesario incrementar o investimento na cidade, como posible facelo á vez que se aplican rebaixas de impostos, como o 40% que propugna no Imposto de Vehículos (IVTM).

Semana Cultural en Albor

A Sociedade Cultural, Artística, Recreativa e Deportiva Albor, do barrio ourensá do Couto, celebrou a Semana Cultural 2019 a finais de maio. O pregón ofreceuno Jorge Estévez que fora copárroco de Fátima e rector do Seminario e actualmente é o párroco da Asunción.

Paulino Izquierdo Gutiérrez, ex presidente da sociedade da rúa Greco 7, recibiu unha homenaxe en recoñecemento a súa labor durante moitos anos. Durante a semana actuaron a



Rondalla de Albor.

Escola de Música Bieto Blanco, o grupo de panderetas e gaitas da sociedade así como a rondalla de Albor.

Este colectivo que cumpre agora 50 anos de existencia está presidido, desde fai catro, por José Alfonso Muñiz e conta con douscentos socios.

Arde Lvcvs Cvltvral con máis de 50 actividades romanas e castrexas

En Lugo está a celebrarse o Arde Lvcvs Cvltvral, que anima á cidade ata a celebración da festa, os días 14, 15 e 16 de xuño. O Concello e as 17 asociacións de recreación histórica de Lugo organizaron unha coitada programación gratuita que ofrecen á cidadanía desde cinema arqueolóxico a catas, pasando por conferencias, paseos pola cidade, ou obradoiros, entre outros. Trátase pois, de continuar traballando por dar a coñecer a historia de Lugo.

A concelleira de Cultura e Turismo Carmen Basadre e membros dos colectivos Cohors III Lucensium e Senatus Lucus Augusti, presentou as actividades culturais, que comezaron cunha exposición da evolución da armadura do retiario na Porta Miñá, que poderá verse ata o 16 de xuño, e

co III Adestramento Nacional de Gladiatura. Inclúe unha charla sobre a evolución da armadura do retiario, outra sobre a tipoloxía e técnicas de loita gladiatoria segundo as fontes históricas, e unha última sobre a historia de Borea, o gladiator hispano. Tamén unha mesa redonda sobre regras, armas e materiais das loitas nas representacións.

Paulo Fabio Máximo e o Libertorio Jávicus guiarán distintos percorridos pola cidade, en concreto pola Muralla, polas Termas Romanas, polo acueduto e polos xacementos arqueolóxicos o 8 de xuño. A saída é as 17:00 horas, desde o miliario da Praza de Armañá.

As conferencias da Cohors III Lucensium cumpren 10 anos nesta edición. Para conmemoralo prepararon 9 charlas e un concerto, ata o 12 de xuño,

todas elas ás 20:00 horas no Vello Cárcere. O historiador Felipe Arias, o catedrático de xeografía Rubén Camilo Lois, o arqueólogo municipal Enrique González, o arqueólogo Iván Álvarez, a directora do Museo Provincial de Lugo, Aurelia Balseiro, os arqueólogos Enrique Alkorta e Ceslo Rodríguez, a escritora Ana Mar Fraga, a licenciada en dereito Beatriz Pelayo, o escritor Daniel Cadrado e o arqueólogo Marco Almansa dirixirán os distintos relatorios que versarán sobre o Templo de mitra, o código militar romano, a cerámica romana ou a minifaría romana, entre outros. Pechará esta programación o concerto de Abraham Cupeiro.

O sábado 8, o Senatus Lucus Augusti interpretará A conxura Senatorial, ás 19:00 horas no Balneario de Lugo.



Cúmprense 18 anos de Arde Lvcvs.

O día 13 presentarase o documental Peplum, ás 19:00 horas no Vello Cárcere, sobre as películas históricas rodadas en España co seu director, Eugenio Rodríguez Rego. Arde Lvcvs engloba un vídeo mapping con tres creatividadeas na porta Bispo Aguirre, San Fernando e da Estación. Na

primeira delas apoiárase con contido histórico, e nas outras dúas, as creatividadeas lembrarán a historia romana de Lugo. Exhibiránse xa desde o xoves 13 de xuño. Habrá un concerto do grupo berlinés Corvux Corax, con melodías ancestrais e ritmos poderosos.

Seguros Servizos Ourense ☎ 678 578 161 988 044 834 www.servizosourense.es	CARNICERÍA MARIVAN abierto los domingos C/ Faustino Santalices - esquina Pablo Picasso - Ourense Tlf. 639 58 04 30	jba servicios inmobiliarios Francisco de Moure 22 Baixo, Ourense ☎ 988 10 20 75 ☎ 629 83 67 48 www.inmobiliariajba.com jba.couto@gmail.com	orixe PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN 988 60 70 75 Diseño · Impresión · Retulación · Merchandising www.orixepublicidade.es Rúa Francisco de Moure 20 · Ourense
--	--	--	---

Losca C/ Ervedelo, 15 - ourense ☎ 988 23 44 99 698 14 82 07	VEN... Promoción Especial www.clubtosca.es Sala de Fiestas Music-Hall cerramos los domingos
--	---

Arde Lvcvs, festa de Interese Turístico Nacional con tropas e lexións internacionais

Lara Méndez, alcaldesa de Lugo en funcións, presumiu do que é verdadeiramente o Arde Lvcvs, "sinal de identidade, de orgullo e posta en valor do patrimonio. É exemplo de como un movemento social pode transformar as cidades e pódenos levar todo o máis alto, como neste caso, que en 18 anos somos festa de Interese Turístico Galego, de Interese Turístico Nacional, e xa ten a fama internacional". Así mesmo concretou que a programación deste ano chega ás 380 actividades, "todas elas con esa rigorosidade que caracteriza esta festa de recreación histórica", para todos os públicos, e en distintos espazos destacados da cidade.

O Arde Lvcvs arrincará o xoves 13 de xuño, ás 21:00 horas, coa entrada das lexións romanas ao mando do xeneral Caio Antistio, O Lanuxe, e toma da cidade. Será, como de costume, na

Ponte Romana. A continuación, en as Termas Romanas, xuntaranse todas as tropas e lexións, cos seus estandartes.

O venres día 14, por segundo ano consecutivo, terá lugar o espectáculo da Fvndación da Cidade, a terceira edición da Mvrvs Lvcis, a carreira de romanos contra castrexos polo adarve da Muralla e unha nova edición do Harpastvm.

Arde Lvcvs pertence á asociación de festas e recreacións históricas, e está na Federación Europea de festas e reconstrucións históricas, sendo o que é por crer nas persoas. Avanzou que lexións e tropas de Sagunto, Francia, Italia, Cartaxena, Astorga, Portugal, Xinzo de Limia, ou Moldova, que estarán por primeira vez na cidade, participarán no desfile tradicional do sábado día 15 pola tarde. Estes colectivos internacionais fan de "correa de transmisión, levando a Lugo polo mundo",



Cohors III Lucensium.

aseverou Basadre.

Entre as novidades desta edición está o traslado de localización dun campamento, da asociación Caetra Lvcensivm, que estará na parte posterior do Cuartel de San Fernando. A nova

asociación, Lucus Icenas Miliatori, instalarase na Praza Anxo Fernández Gómez. Ademais, haberá distintas roiteiros: a dos campamentos, a de establecementos de comida, a dos museos e a das portas da Muralla.



TABERNA DO PERICO
Petiscos e tapas
Carnes á grella
Especialidade: bacallau

988 23 11 13
628 031 105
Rúa da Unión, 2.
Casco Vello Ourense.



Adega Vella

Eirxa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA - Ourense.
Tfños. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Concello Regulado e Denominación de Orixe





BODEGAS DO SAN VICENTE
Rúa Real 2 - 41010 SAN VICENTE - LUSO
© 982 253 328



CASA GALLEGA
RESTAURANTE

Almorzos
Menú do día
Carta

988 00 88 22

Ervedelo, 83.
O Couto (Ourense)